



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO SOCIO-EDUCATIVO COMUNITARIO E ATENCIÓN NO FOGAR A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA CON ENFERMIDADE MENTAL RESIDENTES EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES) o instrumento convencional arriba referido. O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante, as acción englobadas no presente convenio que realizase FEAFES dende o 1 de xaneiro de 2017 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actividades que conleva o programa de apoio socio-educativo comunitario e atención no fogar a persoas en situación de dependencia con enfermidade mental residentes en Galicia que FEAFES ten previsto desenvolver, entre outras, durante o ano 2017 e que a continuación se detallan:

- Atención de proximidade no ámbito rural.
- Apoio psico-social no espazo de convivencia (familiar e socio-comunitario).
- Unidades de acompañamento comunitario
- Apoio socio-educativo, coordinación técnica do programa, seguemento, desprazamentos ás zonas e documentación das boas prácticas e adecuación do enfoque de proximidade no ámbito rural





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade e persoas con dependencia, conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

A entidade FEAFES figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0906, ten por finalidade promover a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias e/ou persoas coidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo FEAFES en Galicia .

Que actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención e promoción da autonomía persoal das persoas en situación de dependencia con enfermidade mental, desenvolvendo programas co obxectivo de recuperar á persoa e acompañala neste proceso, así como a súa familia e persoas coidadoras, evitando a cronificación desta situación e previndo o desenvolvemento dunha situación de dependencia especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade FEAFES para contribuír ao financiamento das





actuacións relacionadas co desenvolvemento dun programa de apoio ás persoas con enfermidade mental.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a entidade FEAFES é a única federación de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con enfermidade mental e as súas familias/e ou persoas coidadoras, a defensa dos seus dereitos e a representación e defensa do movemento asociativo FEAFES en Galicia, brindando apoio e coordinación ás asociacións que a integran, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 47 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 en relación ao artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta declaración a Directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, en Santiago de Compostela.

